

A ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA CELEBROU ONTE A SÚA ASEMBLEA

# Os escritores denuncian que as achegas da Xunta “están como hai 20 anos”

Os autores critican que a Administración “reducira o seu investimento a cifras de hai dúas décadas”

H. PENA

GALICIA

hector.pena@xornaldeg Galicia.com

O Museo do Pobo Galego acolleu onte a Asemblea Xeral da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Os escritores anunciaron a reelección durante os dous próximos exercicios do seu consello directivo, con Cesáreo Sánchez como presidente e Mercedes Queixas na secretaría xeral. Ademais, na rolda de prensa posterior ao acto pronunciáronse sobre as vindeiras actividades da entidade, a Cidade da Cultura e a situación actual do sector.

A AELG anunciou, asemade, a incorporación como membros dos poetas Carlos Negro e Eduardo Estévez, antes de denunciar a “regresión” na política de investimento por parte da Administración autonómica en “todos os sectores da cultura”, o que “está a destruír o levantado nos últimos trinta anos”. “Con es-

ta política de escandalosa redución nos orzamentos da consellería de Cultura e do seu investimento, que pon as cifras de achegas á AELG en números de hai vinte anos, estase a desfacer o mínimo tecido industrial da cultura en Galicia”, apuntou Cesáreo Sánchez.

O presidente dos escritores tamén fixo unha firme defensa do valor da cultura como investimento na que, apuntou, “todo o diñeiro que se gasta é produtivo, xa que se Galicia existe como identidade e como pobo é por que temos unha cultura e unha lingua diferenciados”.

## SUBE O PARO ENTRE OS ESCRITORES

Cesáreo Sánchez afirmou tamén que dende a AELG se constatou “un crecente paro en todos os sectores da cultura en xeral, e no dos escritores en particular”. Pese a todo o anterior, o presidente dos escritores indicou que dende a súa asociación tentarán “levar a cabo todos os actos previstos”.

“Este ano entregáraselle a letra E en Lugo ao escritor Paco Martín, e seguiremos facendo actividades por toda Galicia, como algunhas sobre Lois Pereiro ou Márcos Valcárcel”, apuntaba o presidente da Asocia-

ción de Escritores en Lingua Galega”. Ademais, Cesáreo Sánchez engadía que a AELG tamén organizará, “sen apoio da Xunta”, o VI Encontro de Novos Escritores, e que tentarán, “se hai fondos”, estar en Mallorca, onde se celebra neste ano 2011 a reunión da Galeusca.


Cesáreo Sánchez: “Estase a destruír o levantado nos últimos trinta anos”

O último punto que abordaron os escritores foi o da Cidade da Cultura, sobre a que acordaron demandar a súa “paralización até que non haxa só fondos, senón tamén unha finalidade”.

Tamén expresaron o seu rexeitamento á presenza do legado de Cela na Cidade da Cultura e reclamaron que a biblioteca do Gaiás estea centrada “na cultura en galego” de xeito maioritario. ■

www.xornal.com

Opine sobre as declaracións dos escritores na nosa web



O presidente da AELG, Cesáreo Sánchez

O. DACOSTA